

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE OCTUBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao (BNG)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinteito de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia da Alcalde-Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria e urxente, convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DOS ASUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA.

Coa autorización da presidencia, por Secretaría dáse lectura ó decreto de convocatoria no que se reflicte a xustificación da urxencia dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aos efectos do disposto no Art. 79 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro; aprecia-la urxencia dos asuntos incluídos na orde do día da sesión.

2º.- LICITACIÓN DA “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE XOVE; SERV: 02/16). PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo da Acta da Mesa de Contratación da Licitación de referencia, celebrada con data 19 de outubro de 2016 que na súa parte dispositiva din: *2ª Proponer ao Pleno Corporativo a adxudicación do contrato á mercantil IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L. licitador que acadou a segunda mellor puntuación, nos termos reflectidos na súa oferta, e previa presentación da documentación reflectida na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas regulamentados da licitación de referencia.*

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda requirir ó licitador IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L. a presentación no prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do correspondente requirimento, a documentación reflectida na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas regulamentador da licitación de referencia.

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL DE XOVE E INSTALACIÓNS ANEXAS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto que se vai proceder a implantar un novo sistema de acceso ás instalacións de piscina e ximnasio municipais que supón a expedición de unha tarxeta ou carné por usuario, o que require unha nova redacción da normativa actualmente vixente, PROPÓN AO CONCELLO PLENO, previo informe emitido polo Secretario Municipal sobre o procedemento a seguir, a derogación do Regulamento de Réxime Interno, Funcionamento e Utilización dos Servizos da Piscina Municipal de Xove e Instalacións Anexas e a redacción de un novo co seguinte teor literal:

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E UTILIZACION DOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL DE XOVE E INSTALACIÓNS ANEXAS

Constitúe o obxecto deste Regulamento a regulación do uso e funcionamento da piscina climatizada municipal como ben de servizo público, así como do ximnasio, sauna e sala de masaxes como instalacións anexas á mesma, suxeitas todas elas á autoridade do Concello, a quen corresponde a súa administración, dirección e coidado, salvo naquelo que poda ser competencia propia de outras autoridades ou organismos.

O presente Regulamento dítase ao abeiro do establecido no artigo 4.1.a) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

APARTADO 1º DAS CLASES DE USUARIOS DA PISCINA MUNICIPAL

Os usuarios da piscina poderán ter a condición de:

*** Socio: Terá tal condición a persoa física ou xurídica que desexe percibir os servizos da instalación ben mediante o pago anual dunha cuota establecida na correspondente Ordenanza Fiscal, ben mediante o sistema de pago mensual. A condición de socio poder ter carácter individual ou familiar, entendéndose por unidade familiar a estes efectos a formada polos cónxuxes non separados legalmente e os fillos non emancipados. Nos casos de separación legal ou cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos do parágrafo anterior.*

Igualmente terá condición de unidade familiar a formada polas parellas de feito rexistradas no rexistro autonómico de parellas de feito e os fillos non emancipados. A mera convivencia sen existencia, ben de vínculo matrimonial, ben de rexistro de parella, non ten a consideración de unidade familiar co que non dará lugar á obtención da condición de socio.

Dada a excesiva demanda do servizo e a capacidade limitada das instalacións darase prioridade para obter a condición de socio ás persoas empadroadas no Concello de Xove.

*** Aboado: Terá tal condición a persoa física ou xurídica que desexe percibir os servizos da instalación ben mediante a utilización do sistema de bonos, ben mediante o sistema de bono mensual. A estes efectos, os bonos mensuais e de usos, poderán ser expedidos, dada a demanda do servizo e a capacidade limitada das instalacións en función das plazas libres existentes.*

Distínguese entre: Aboado individual, que poderá ser mensual ou por bonos de uso; e aboado familiar, que só poderá ter carácter mensual.

O aboado familiar englobará a todos os membros de unha unidade familiar, entendida esta como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e os fillos non emancipados. Nos casos de separación legal ou cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e todos os fillos e fillas que convivan con un ou outro e que reúnan os requisitos do parágrafo anterior. Igualmente terá condición de unidade familiar a formada polas parellas de feito rexistradas no rexistro autonómico de parellas de feito e os fillos non emancipados. A mera convivencia sen existencia, ben de vínculo matrimonial, ben de rexistro de parella, non ten a consideración de unidade familiar co que non dará lugar á obtención da condición de aboado. Todos os membros da familia terán o mesmo número de aboado.

*** Usuario de pago diario: Terá tal condición aquela persoa que acceda á instalación mediante o pago da entrada ao baño libre.*

*** Participantes en actividades da Escola Municipal de Natación ou calquer outra actividade organizada polo Concello.*

*** Usuario con aluguer dunha calle (grupos)*

APARTADO 2º.- DO PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DA CONDICIÓ DE SOCIO OU ABOADO DA PISCINA

Para poder obter a condición de socio ou aboado familiar deberá aportarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. de todos os membros da unidade familiar que o posúan*
- Fotocopia da tarxeta sanitaria de cada membro*
- Fotocopia do Libro de Familia*
- Dirección e teléfono actual.*

Para poder obter a condición de socio ou aboado individual deberá aportarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.*
- Fotocopia da tarxeta sanitaria*
- Dirección e teléfono actual.*

Todos os usuarios da piscina municipal deberán estar ao corrente do pagamento das respectivas cuotas que se establezan na Ordenanza Fiscal correspondente. A falta de pago das mesmas dará lugar á perda da condición de usuario.

APARTADO 3º.-REXIME XERAL DE UTILIZACION DOS SERVIZOS

- 1) Todos os socios, aboados e participantes na Escola Municipal de Natación disporán de un carné ou tarxeta que deberán amosar no control de acceso á instalación, agás os usuarios dos cursos de natación escolar e cursos colectivos. A tarxeta estará operativa sempre e cando as correspondentes cuotas figuren aboadas. A tarxeta non será precisa para o caso de usuarios de pago diario, que aboarán a cuota correspondente no momento da súa entrada.*
- 2) É obrigatorio usar a taquilla para poder gardar a roupa.*
- 3) Non se responde da perda de calquera obxecto ou pertenza. Aqueles obxectos que se recuperen depositaranse na sección de obxectos perdidos, no Control de Entrada da Piscina.*

- 4) *Está totalmente prohibido fumar e comer na totalidade da instalación.*
- 5) *É obrigatorio utilizar gorro de baño e ducharse antes de acceder á piscina para bañarse; así como o uso de chanclas tanto en vestiarios como zona de baño. Os usuarios das saunas, deberán entrar nelas ben secos.*
- 6) *Está totalmente prohibida a entrada para bañarse na piscina a aquelas persoas que padezan algunha enfermidade transmisible, especialmente no caso de afeccións cutáneas sospeitosas.*
- 7) *Prohíbese subir a área de baño con roupa e calzado de rúa. Os espectadores deberán acceder á grada polo lugar habilitado para tal fin.*
- 8) *A capacidade máxima de utilización simultánea da piscina é de 100 persoas.*
- 9) *A dirección da piscina e o Concello de Xove poderán dictar en calquer momento todas aquelas normas que redunden en beneficio do servizo e dos usuarios. Ditas normas expóranse nos taboleiros de anuncios coa suficiente antelación a súa entrada en vigor.*
- 10) *Os usuarios dos servizos da piscina son responsables do seu estado de saúde en relación coa utilización que efectúen dos servizos que se ofrecen, non sendo responsabilidade da administración calquer dano que poida producirse derivado do mal uso ou abuso das instalacións ou servizos, nin da súa utilización indebida ou abusiva nin do uso por persoas que carezan das condicións físicas ou de saúde mínimas básicas para elo. Tampouco caberá a esixencia de responsabilidade cando por parte dos usuarios de modo negligente se desatendan as instrucións ou normas de funcionamento do servizo de que se trate, ou as que lles teñan sido dadas polo persoal municipal responsable da actividade.*
- 11) *No ximnasio da Piscina Municipal, poderase practicar toda clase de exercicio, como a ximnasia, posta a punto (fitness), exercicio cardiovascular, aeróbic, etc. Todo usuario poderá pedir información ó Monitor de Ximnasio sobre exercicios, circuitos, tipos de traballo, etc. No ximnasio, están ó servizo do usuario unha serie de táboas de distintos exercicios.*
- 12) *O réxime de utilización da sauna explícase polo miúdo á entrada da sauna.*

APARTADO 4º

1) PERSOAS CON DEREITO A UTILIZACION DOS DISTINTOS SERVIZOS

A) *A Piscina poderá ser utilizada por todas aquelas persoas que o desexen mediante cinco formas de acceso:*

- *Como socio da piscina*
- *Como aboado*
- *Como participante nas Actividades da Escola Municipal de Natación ou calquer outra actividade organizada polo Concello.*
- *Como usuario que aluga unha calle (só grupos)*
- *Como usuario de pago diario.*

B) *O ximnasio poderá ser utilizado por persoas maiores de 15 anos que teñan a condición de:*

- *Socio da piscina*
- *Aboado*
- *Usuario de pago diario*

C) *O servizo de masaxe poderá ser utilizado por persoas que teñan a condición de:*

- *Socio da piscina*
- *Aboado*
- *Usuario de pago diario*
- *Persoas maiores de 65 anos a que se refire o punto 2.B) seguinte.*

A utilización deste servizo deberá formalizarse mediante inscrición asinada diante da masaxista municipal. A frecuencia do servizo por persoa irá en relación ao número de usuarios

que o soliciten. Cada usuario terá un control de asistencia ao servizo mediante a utilización dunha tarxeta.

D) A sauna poderá ser utilizada por persoas maiores de 15 anos que teñan a condición de:

- Socio da piscina
- Aboado
- Usuario de pago diario

2) HORARIO DE FUNCIONAMENTO

A) Os usuarios poderán practicar natación e asistir ao ximnasio municipal e sauna, en horario de 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas de luns a venres e de 11:00 a 13:30 horas e de 17:30 a 20:30 horas os sábados. Durante o verán, teranse que consultar os horarios no Taboleiro de Anuncios.

B) A sala de masaxes poderá ser utilizada no seguinte horario:

- Mañás: De 10.30 h a 13.00 h poderá ser utilizada por calquera persoa empadronada no Concello de Xove maior de 65 anos, teña ou no a condición de socio

-Tardes: De 18.00 h a 20.00 h poderá ser utilizada polo resto de persoas sempre e cando sexan socios ou aboados da piscina ou usuarios de pago diario.

3) ALUGUER DE “CALLES” DA PISCINA MUNICIPAL (SÓ PARA GRUPOS)

As entidades colectivas, asociacións, clubs e similares poderán solicitar o aluguer de unha ou máis calles da Piscina Municipal para realizar baño libre. O número máximo de usuarios por cada calle será de 10 persoas. O aluguer estará supeditado á existencia de datas e horarios libres. A calle alquilada, só poderá ser utilizada polas persoas da entidade e durante o horario establecido e cando sexa necesario poderase limitar o aluguer a aquelas asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Xove.

APARTADO 5º.- DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACIÓN

A Escola Municipal de Natación de Xove, constitúese coma unha escola deportiva dependente do Concello de Xove, e cuxa labor é o ensino da natación nas súas fases de iniciación, perfeccionamento e introducción á natación deportiva, mediante a organización e desenvolvemento de cursos de natación escolar, cursos para colectivos en verán, cursos para persoas diminuídas, cursos para persoas maiores e distintos cursos relacionados coas actividades acuáticas (mergullo, socorrismo acuático, etc.)

1) NATACIÓN PARA NENOS/AS

No ensino da natación para nenos-as, a Escola Municipal de Natación, diferencia seis niveis distintos de aprendizaxe: un nivel de introducción e adaptación ó medio acuático e cinco niveis de aprendizaxe divididos en dous niveis de iniciación e tres de perfeccionamento denominados da seguinte forma:

- **NIVEL DE INTRODUCCION Ó MEDIO ACUATICO:** Destinado a nenos-as de 2, 3 e 4 anos e dentro de un programa de ensino denominado “Á auga peques”
- **NIVEL BRANCO:** Primeiro nivel de iniciación á natación destinado a nenos-as de 5 anos en adiante.
- **NIVEL AMARELO:** Segundo nivel de iniciación á natación. Para acceder a este nivel hai que ter superado o nivel branco.

- *NIVEL VERDE: Primeiro nivel de perfeccionamento á natación. Para acceder a este nivel débese ter superado o segundo nivel de iniciación (amarelo).*
- *NIVEL AZUL: Segundo nivel de perfeccionamento de natación. Débese ter superado o nivel verde para acceder a el.*
- *NIVEL VERMELLO: Nivel de introdución á natación deportiva. Débese ter superado o nivel azul para acceder a este nivel. Pola dificultade deste nivel, non se realiza todo o programa nun só cursiño, sendo necesario para a súa realización dous ou tres cursiños.*

A duración dos cursos será de dous meses en días alternos, agás no nivel de introdución ao medio acuático, que será de un mes e dos seus horarios darase comunicación previa mediante anuncio no taboleiro de anuncios da piscina podendo variarse segundo as necesidades ou nivel de funcionamento da mesma.

2) NATACIÓN PARA ADULTOS

No ensino de natación para adultos, a Escola Municipal de Natación de Xove, diferencia catro niveis de aprendizaxe divididos en dous de iniciación e dous de perfeccionamento, maila natación de mantemento.

- *INICIACION NIVEIS “A” e “B”:* Primeiro e segundo nivel de iniciación á natación para adultos.
- *PERFECCIONAMIENTO NIVEIS “A” e “B”:* Primeiro e segundo nivel de perfeccionamento da natación para adultos.
- *NATACIÓN DE MANTEMENTO,* cun programa que inclúe aquafitness, natación terapéutica, etc.
- *INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO PARA “PERSOAS MAIORES”:* Primeiro e segundo nivel de perfeccionamento para persoas maiores de 55 anos.

Tódolos niveis de ensino para adultos seguen un programa de ensino desde o que o alumno comenza a familiarizarse co medio acuático ata que é capaz de nadar un largo da piscina (25m) ó finalizar o nivel “B” de iniciación. Nos niveis de perfeccionamento de adultos, o alumno finaliza nadando a dous estilos de natación (crol e espalda) ó terminar o primeiro nivel de perfeccionamento “A” ata saber nadar de forma básica ós catro estilos de natación (crol, espalda, braza e mariposa) ó rematar o nivel “B”.

3) CURSO DE NATACIÓN ESCOLAR

A Escola Municipal de Natación de Xove, tamén organiza en conxunto cos centros de ensino, institutos ou A.N.P.A.S. do Concello o curso de Natación Escolar. Dito curso vai destinado a escolares de primaria ou secundaria. As clases de natación son en horario escolar, é dicir, de 10.00 a 13.00 horas pola mañán e de 16.30 a 18.00 horas pola tarde e o calendario das clases é o mesmo que o calendario escolar. Cada curso asiste a unha clase de natación á semana, realizándose un total de 27 ou 28 clases durante o curso escolar.

Para a organización e programa do curso escolar convocarase a tódolos Directores e A.N.P.A. dos centros de ensino interesados a principios do mes de Setembro para exporlles o programa anual do Curso de Natación Escolar e fixar tódolos cambios que se presenten.

A duración do Curso de Natación Escolar é dende o mes de Outubro ao mes de Maio, ambos inclusive.

4) CURSOS COLECTIVOS

Durante todo o ano a Escola Municipal de Natación organiza Cursos de Natación para colectivos.

Para poder acceder a estos cursos, deberase presentar na Piscina unha solicitude na que se presente: Nome da entidade, dirección social e teléfono, número de alumnos, mes de realización do curso e horario preferible. A continuación a dirección da Piscina, informará á entidade de tódolos demais detalles do curso así como da posibilidade de realizar o curso nas datas e no horario solicitados.

5) OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA ESCOLA

A Escola Municipal de Natación, tamén desenvolve e organiza outras actividades diferentes a cursos de natación, pero todas relacionadas coas actividades acuáticas e o seu mundo.

- *BAUTIZOS DE BUCEO: Se trata de realizar unha inmersión con equipo autónomo de buceo deportivo na Piscina Municipal. Ditos bautizos, son soamente para usuarios e totalmente gratuítos.*
- *CURSOS DE BUCEO DEPORTIVO*
- *CURSOS DE SOCORRISMO ACUATICO, con vistas a ter persoas formadas para poder desempeñar a función de Socorristas nas praias e piscinas do Concello ou Concellos veciños.*
- *EQUIPO DE COMPETICION DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACION. A Escola Municipal de Natación, con aras ao fomento da natación deportiva, poderá formar un equipo composto por nenos-as que proveñan dos distintos cursos da Escola Municipal de Natación, para participar nos Campionatos Escolares de Natación que puidera organizar a Consellería de Deporte da Xunta de Galicia e outras competicións de Escolas de Natación, ás que sexan invitados.*

6) NORMAS DE XERAL CUMPRIMENTO PARA TODOS OS CURSOS ORGANIZADOS POLA ESCOLA

- *INSCRIPCION DE CURSOS: a inscrición para todos os cursos realizarase no lugar habilitado para tal fin e que será previamente comunicado no Taboleiro de Anuncios da Piscina Municipal. As inscricións para os usuarios empadroados en Xove realizaranse durante os últimos sete días naturais do mes de outubro e para o resto de usuarios abrirase o prazo o primeiro día hábil do mes de novembro.*
Os meses dos cursiños iranse cubrindo segundo a orde de inscrición e as preferencias dos cursillistas, pois poderán elixir o mes ou meses do cursiño segundo estean as prazas libres ou ocupadas. Unha vez cubertas as prazas de certo mes, tamén se poderán inscribir como reserva, que se utilizarán no caso que se den de baixa os cursillistas que teñen praza fixa. Todos os cursillistas, serán avisados telefonicamente unha semana antes de comezar o cursiño para confirmarlles o día e a hora de comezo do cursiño.

APARTADO 6º .- DOS DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS E PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIO, ABOADO OU OUTRO TIPO DE USUARIO

- *Durante os horarios de apertura da instalación, o usuario terá dereito ao uso da mesma e de todos os servizos prestados sempre e cando a súa idade llo permita.*
- *Calquera usuario que dispoña de carné ou tarxeta deberá identificarse no control de entrada facendo uso da mesma e deberá devolvela por renuncia á súa condición de socio, aboado ou ao remate dun cursiño da Escola Municipal de Natación*
- *É obrigatorio estar ao corrente no pago da taxa correspondente. Caso contrario a tarxeta quedará inactiva ademais de poder implicar a perda de condición de usuario*
- *Todos os usuarios deberán acatar o presente Regulamento así como as demais normas que a Dirección da instalación dite en calquera momento e que redunden no beneficio da prestación do servizo.*

- *Perderase a condición de socio, aboado ou outro tipo de usuario da piscina nos seguintes casos:*
- Vontade propia manifestada por escrito (con rexistro de entrada)*
 - Impago*
 - Decisión da Dirección da piscina como consecuencia de condutas que supoñan o incumprimento do réxime de utilización dos servizos*
 - Falecemento*
 - Calquera usuario será responsable economicamente ou doutro xeito dos danos ou prexuízos que a súa conduta puidera ocasionar.*

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademais transcorrer o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado, comenzando a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2017.

Aberto o debate, polo Sr. López López manifesta que o seu Grupo está de acordo coa modificación transcrita, máis engade que deberán de tomarse as medidas que sexan oportunas para non impedir o acceso as instalacións a aqueles pais que queiran acompañar ós nenos ós cursiños de natación.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación do regulamento de réxime interno, funcionamento e utilización dos servizos da piscina municipal de Xove e instalacións anexas descrita na proposta anteriormente transcrita, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e /ou reclamacións no devandito trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Á vista do desposto nos apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira; os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais; o artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario; e os artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004,

de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas das Entidades Locais.

Vista a Providencia de Alcaldía que obra no expediente e na que se da constancia da introdución de un novo sistema de acceso ás instalacións da piscina municipal; visto que resulta necesario corrixir ou mellorar determinados aspectos da prestación do servizo detectados ao longo destes últimos anos; e vista igualmente a manifesta insuficiencia dos ingresos acadados como contraprestación da prestación do servizo de piscina climatizada municipal e instalacións deportivas anexas, en relación co custe anual do servizo, e de acordo co informado polo Secretario Municipal en relación a que dadas as diferentes modalidades de utilización das instalacións da piscina e anexos, o que daría lugar a un grande abanico de tarifas unitarias a considerar para que, no seu conxunto, os ingresos a obter polas diferentes modalidades de uso puideran equipararse ao custe xerado polo uso das instalacións, neste caso parece máis efectivo que o informe económico a que se refire a Providencia de Alcaldía de 18 de outubro se elabore a partir dunha proposta formulada pola Alcaldía, sendo ésta coñecedora dos gastos anuais da instalación así como dos ingresos xerados e o conseguinte déficit da mesma.

Unha vez redactada a presente proposta e emitido o preceptivo informe económico-financeiro para a modificación da correspondente taxa, emítase o Informe de Intervención que proceda, e de ser o mesmo favorable, dictamínese pola Comisión Informativa de Contas e elévese posteriormente a Pleno a seguinte PROPOSTA:

ÚNICA.- Aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de piscina climatizada municipal e instalacións deportivas anexas, do seguinte xeito:

1.- Modifícase o artigo 6 da presente Ordenanza Fiscal, quedando redactado como segue:

Servizo de piscina municipal A contía das taxas reguladas na presente Ordenanza será a fixada no cadro de tarifas seguintes para cada un dos distintos servizos ou actividades:

1.- Socio individual ou familiar: 90,00 € no caso de socio anual e 10,00 € para o caso de socios mensuais

2.- Abonados con bonos de uso

<u>Abonado individual</u>	
	Bonos de 15 usos
De 0 a 4 anos	-
Desde 5 ata 15 anos	20,00
Maiores de 15 anos	30,00

Todos os bonos terán caducidade de un ano

3.- Abonados mensuais

-Individuais: 24,00 €/mes

-Familiares: 30,00 €/mes

4.- Entrada libre

-De 15 anos e maiores: 4,00 €

-Menores de 15 anos: 2,00 €

5.- Aluguer de calles

-Calle/hora: 25,00 €/hora

6.- Cursos da Escola Municipal de Natación

-Nivel de introducción “Á auga peques”:

-Socios anuais e mensuais e aboados mensuais: 20,00 € para o caso de cursiños de tres días semanais e 15,00 € para os de dous días semanais

Para beneficiarse desta tarifa o socio mensual deberá ter este carácter durante o mes de duración do cursiño do neno.

-Non socios ou non aboados mensuais: 40,00 € para o caso de cursiños de tres días semanais e 30,00 € para os de dous días semanais

-Niveis branco, amarelo, verde, azul e vermello:

-Socios anuais e mensuais e aboados mensuais: 25,00 €

Para beneficiarse desta tarifa o socio mensual deberá ter este carácter durante os dous meses de duración do cursiño do neno.

-Non socios ou non aboados mensuais: 50,00 €

-Iniciación, perfeccionamento e natación de mantemento de adultos:

-Socios anuais e mensuais e aboados mensuais: 25,00 €

-Non socios ou non aboados mensuais: 50,00 € Para poder disfrutar das tarifas de socio anual, éste deberá ter aboada a cuota correspondente ao ano para o que solicite o curso. Asímesmo, para poder disfrutar das tarifas de socio mensual e aboado mensual, deberase ter pagadas as cuotas mensuais correspondentes aos meses de curación do curso.

7.- Cursos para colectivos:

-15 anos e menores de 15 anos: 1,20 € por sesión e por alumno

-Maiores de 15 anos: 1,50 € por sesión e por alumno

-Colectivos de discapacitados: 1,00 € por sesión e por alumno

8.- Curso de natación escolar: 25,00 € por alumno

9.- Material

-Gorros: 3,00 €

-Gafas: 10,00 € o modelo de nenos e 12,00 € o modelo de adultos

-Pinzas: 2,00 €

-Camisetas: 8,00 €

-Sudadeiras: 12,00 €

En ningún caso está previsto o prorrato das cuotas aboadas salvo para os casos previstos no artigo 7 da presente Ordenanza.

Servizo de masaxismo 1.- Servizo individual

<i>TIPO DE MASAXE</i>	<i>TARIFA</i>
<i>Masaxe de costas</i>	<i>10,00 €</i>
<i>Masaxe de pernas</i>	<i>10,00 €</i>
<i>Masaxe de brazos</i>	<i>10,00 €</i>
<i>Masaxe completo</i>	<i>20,00 €</i>

2.- Bono de 5 usos

<i>TIPO DE MASAXE</i>	<i>TARIFA</i>
<i>Masaxe de costas</i>	<i>40,00 €</i>
<i>Masaxe de pernas</i>	<i>40,00 €</i>
<i>Masaxe de brazos</i>	<i>40,00 €</i>
<i>Masaxe completo</i>	<i>70,00 €</i>

3.- Usuarios maiores de 65 anos aos que se refire o Apartado 4º 2)B) do Regulamento de Réxime Interno do servizo, que non teñan a condición de socio da piscina

<i>TIPOS DE MASAXE INDIVIDUAL</i>	<i>TARIFA</i>
<i>Masaxe individual de costas</i>	<i>5,00 €</i>
<i>Masaxe individual de pernas</i>	<i>5,00 €</i>
<i>Masaxe individual de brazos</i>	<i>5,00 €</i>
<i>Masaxe completo</i>	<i>10,00 €</i>

<i>TIPOS DE MASAXE NE RÉXIME DE BONOS DE 5 USOS</i>	<i>TARIFA</i>
<i>Masaxe de costas</i>	<i>20,00 €</i>
<i>Masaxe de pernas</i>	<i>20,00 €</i>
<i>Masaxe de brazos</i>	<i>20,00 €</i>
<i>Masaxe completo</i>	<i>40,00 €</i>

Extravío ou rotura de tarxeta ou carné *Por extravío, pérdida ou rotura de carné ou tarxeta deberá aboarse a contía de 2,00 € directamente no Control de Acceso. 2.- Modifícase o artigo 7, quedando redactado como segue:*

Servizo de piscina

-O pago da entrada libre así como do material que o usuario desexe adquirir realizarase mediante ingreso directo no control da piscina. Os correspondentes xustificantes serán entregados mensualmente na tesourería municipal xunto co ingreso dinerario correspondente aos efectos do seu debido control.

-Tanto o aluguer de calles coma as cuotas dos distintos tipos de cursiños da Escola Municipal de Natación así coma as cuotas de socios e aboados mensuais e os bonos de 15 usos que poideran

expedirse, serán aboados mediante ingreso bancario previo e total do seu importe que deberá realizarse antes do primeiro uso da instalación

-Para os cursiños de natación escolar e os cursos para colectivos expedirase liquidación tributaria durante a realización do curso ou ben á finalización do mesmo.

-As cuotas de socio anual xestionaranse por padrón que se aprobará durante o mes de xaneiro, podendo ser obxecto de domiciliación bancaria. As altas como socio anual deberán abonarse mediante ingreso bancario, incluíndose no padrón dos sucesivos exercicios.

-Durante o ano natural a piscina municipal realizará os peches precisos para obras de mantemento e reparación sen que neste caso proceda a devolución da cuota aboada en cada caso. Non obstante, se a piscina tivese que permanecer pechada por un periodo superior a 2 meses por razón de obras de reparación, mantemento ou calquer outro motivo, para o caso de socios anuais, reducirase a cuota a aboar o exercicio seguinte a razón de 7,5 euros por mes completo (con excepción dos dous primeiros meses de peche), e para o caso de socios e aboados mensuais trasladarase a prestación do servizo ao mes ou meses seguintes.

-Cursiños da Escola Municipal de Natación realizados durante o peche da piscina para mantemento anual.

Durante o mes de decembro ou calquera outro mes que a piscina se manteña pechada por mantemento anual, as cuotas correspondentes aos cursiños da Escola Municipal de natación que coincidan en dito mes serán prorrateadas en función das sesións de duración do cursiño, elevándose a cuota ata a unidade enteira de euro posterior:

**8 sesións o nivel de introducción “Á auga peques” de 2 días semanais*

**12 sesións o nivel de introducción “Á auga peques” de 3 días semanais*

**20 sesións o resto dos cursiños*

-Renuncias:

-Renuncia da condición de socio anual: para que proceda a devolución da cuota aboada como socio anual no caso de renuncia, ésta deberá manifestarse por escrito con rexistro de entrada no Rexistro Municipal de Entrada de Documentos durante o mes de xaneiro e cumprir o requisito de non ter asistido á instalación durante o dito mes. As renuncias efectuadas con posterioridade surtirán efectos ao ano natural seguinte non dando lugar polo tanto a devolución da cuota.

-Renuncia á asistencia a un cursiño de natación: as renuncias á asistencia a un cursiño de natación unha vez comezado deberán efectuarse durante a primeira quincena do cursiño. Unha vez transcorrido dito prazo sen ter efectuado o ingreso a tarxeta quedará inactiva.

Se unha vez aboada a cuota a renuncia expresa se produce transcorrido o periodo de quince días a que se refire o apartado anterior, non procederá a súa devolución. Non obstante, cando se trate de imposibilidade de asistencia ao cursiño por razóns médicas debidamente xustificadas mediante o correspondente xustificante, o usuario poderá realizar o curso nun periodo posterior.

-Tarxeta ou Carné de entrada á instalación

Para acceder á piscina e ao ximnasio municipais dispórase de unha tarxeta ou carné de entrada. Dita tarxeta quedará inactiva nos seguintes casos:

- *Para os socios anuais, unha vez transcorrido o mes de xaneiro sen ter aboada a cuota correspondente*
- *Para os socios e aboados mensuais, unha vez expirado o mes correspondente*

- *Para os aboados con bonos de uso, unha vez agotados os usos ou unha vez transcorrido o ano de vixencia desde a súa expedición*
- *Para os participantes nun cursiño de natación: á terminación do cursiño así como aos 15 días do comenzo do cursiño sen ter pagado a cuota correspondente.*

Servizo de masaxe A inscrición para ser beneficiario do servizo de masaxes realizarase previa e directamente coa masaxista. As tarifas en caso de masaxes de un só uso poderán ser aboadas directamente na sala de masaxe. Aos efectos do seu debido control, os ingresos realizados por masaxes de un só uso deberán ser efectuados pola masaxista na entidade bancaria correspondente como mínimo con carácter anual.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P. e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor mentras non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Aberto o debate, polo Sr. López Hermida manifestase que o BNG considera razoable a proposta de modificación transcrita pero por coherencia non pode votar a favor da mesma por considerar que un concello que acaba de destinar máis de 300.000 € para facer un novo campo de fútbol con gradas, iluminación, vestiarios e césped artificial non está lexitimado moralmente para incrementar ningunha clase de tributo que afecte á práctica do resto de actividades deportivas.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López; Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Iglesias Guerreiro e Meitin Rouco, e coa abstención dos Sres/Sras. López López, López Hermida e Fernández Louzao e Pernas Quelle, acorda aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos da piscina municipal e instalacións anexas, anteriormente transcrita, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e /ou reclamacións no devandito trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as catorce horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que eu como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa.

Asdo: Luís María Fernández del Olmo